




Medidas de seguridade no uso de videoconferencia con Cisco Webs

Configuración para cada videoconferencia :	1
Establecer as opcións correctas para que ningún participante poida facerse co control da pantalla.	1
Bloquear a reunión para que ningunha persoa se poida incorporar unha vez que das por iniciada	a clase. 2
Establecer quen pode participar no chat.	3
Configuración para todas as videoconferencias:	4
Medidas básicas de funcionamento:	5
Identificación de participantes	5
Expulsión de participantes non desexados.	5
Pechado de micrófonos.	5
Empregar a opción de levantar man para pedir a palabra.	6
Empregar opción de pulgares arriba e abaixo para comunicarse rapidamente co alumnado:	6


Configuración para cada videoconferencia :

1. Establecer as opcións correctas para que ningún participante poida facerse co control da pantalla.

a. Selecciona o menú "Participante"




- b. Establecer que soamente o anfitrión poida compartir a pantalla cos participantes: para iso hai que premer na opción marcada en azul, para que non apareza sinalada.





2. Bloquear a reunión para que ningunha persoa se poida incorporar unha vez que das por iniciada a clase.

Unha das opcións para protexer a conferencia de que outras persoas alleas o grupo entren posteriormente é esta. Personalmente recomendo que unha vez que o alumnado se incorpore e esté identificado e, sobre todo, antes de compartir unha pantalla e empezar a explicar debemos impedir que **ningunha nova persoa entre na sala**. Para iso tes que desprazarte ao menú de reunión e seleccionar **bloquear reunión**:



3. Establecer quen pode participar no chat.

Para iso debemos abrir o menú de “Asignar privilexios” e premer nas opcións indicadas na imaxe, para que o alumnado so poda chatear contigo, non cos demais participantes:



Agora prememos na lapela de Participantes, para seguir configurando privilexios: marcamos que non poidan controlar as aplicacións compartidas.



Privilegios de los participantes

Comunicación **Participantes**

Todos los participantes

Seleccione los privilegios que desea asignar a todos los participantes:

Documento	Ver	Reunión
☐ Imprimir	☒ Lista de participantes	☒ Compartir documentos
☐ Guardar	☐ Cualquier documento	☐ Controlar aplicaciones compartidas, explorador Web u ordenador de forma remota
☐ Anotar	☒ Miniaturas	☐ Grabar una reunión
	☐ Cualquier página	

Esperando a que se unan otras personas

[Marcar todo](#) |
 [Desmarcar todo](#) |
 [Restablecer a los valores predeterminados](#)

[Acepta](#) |
 [Aplicar](#) |
 [Cancelar](#)

Configuración para todas as videoconferencias:

Se o que queres é que todas as opcións anteriores aparezan por defecto en todas as túas conferencias deberás primeiro ir [á túa páxina de Cisco Webex](#). Aquí deberías ler detidamente cada opción e marcar as que máis te conveñan.


Medidas básicas de funcionamento:

1. Identificación de participantes

Pedir a todo o alumnado que se identifique na conferencia co seu nome e apelido reais. Para modificalo teñen deixar a reunión, cambiar o nome e volver entrar.

2. Expulsión de participantes non desexados.


Identificar ao resto das personas presentes. Expulsar da reunión aos participantes non identificados (hai que dar un pouco de tempo a que primeiro configuren o sonido e o vídeo). Prémemos co botón dereito encima do nome e dámoslle a Expulsar.



3. Pechado de micrófonos.

Pódese facer dende dous menús, ou ben prememos no menú Participante e seleccionamos Silenciar Todo, ou prememos no menú contextual de calquera participante, para accedra á mesa opción: Silenciar Todo.

Esta opción silencia ao alumnado, pero eles poden volver abrir o seu micro cando queiran.




4. Emplear a opción de levantar man para pedir a palabra.

O alumnado ten esa opción no mesmo sitio que ao administrador lle aparece a opción de silenciar a todos que vimos no punto anterior. Para ti non é visible.

5. Emplear opción de pulgares arriba e abaixo para comunicarse rapidamente co alumnado:

Non é unha opción de ningún menú, senón que é unha convención en calquera videoconferencia que os participantes levanten o pulgar para arriba cando estén dacordo (ou ante calquera pregunta con resposta de si ou non) ou o baixen para demostrar disconformidade.



shutterstock.com • 1585958062